

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

'NO LOMBO DO ATLÁNTICO'

As letras que caeron na rede

Xa podedes descargar en .pdf o libro que recolle os doce relatos inéditos co mar como protagonista escritos este verán polos nosos autores.

Redacción - 10:24 01/12/2008

"Para un verán de argazos, barcas novas mandamos labrar..." Vieiros quixo que [nestre verán os nosos autores mirasen cara ao mar](#), o mesmo mar que nos conecta co mundo, o mesmo mar que defendimos durante a catástrofe do Prestige, "Os galegos sempre falamos da terra, e hoxendía cando falamos da terra todos temos na cabeza tamén o mar", dixo Suso de Toro.

No libro podedes atopar relatos de Alexandre Nerium, Luísa Castro, Marta Dacosta, Xosé Neira Vilas, Xurxo Souto, Pilar Beiro, Rexina Vega, Xabier Paz, Francisco Fernández Naval, Xosé Vázquez Pintor, Agustín Fernández Paz ou o propio Suso de Toro, que presentou o libro, xunto á conselleira de Pesca Carme Gallego.

Con esta iniciativa a literatura galega cumpre un chisco a débeda que mantén co mar, como recordaba a pasada semana Xosé Vázquez Pintor, co seu rico léxico e toponimia. O barco chegou a porto, nós tamén navegar. Velaquí tedes o que caeu nas redes.

[Descarga aquí o PDF de *No Lombo do Atlántico*](#)

Novas relacionadas

- [Velaquí os contos escritos con sal](#)